

RESPOSTA AO PRESIDENTE DOS ESTADOS UNIDOS LYNDON B. JOHNSON

HO CHI MINH

15 de febreiro de 1967

Excelencia:

O 10 de febreiro de 1967 recibín a súa mensaxe. Esta é a miña resposta: Vietnam está a miles de quilómetros dos EE.UU. O pobo vietnamita nunca atacou aos EE.UU. Pero contrariamente aos compromisos aceptados polo seu representante na Conferencia de Xenebra no 1954, o goberno dos EE.UU. non deixou de intervir en Vietnam, desencadeou e intensificou a guerra de agresión en Vietnam do Sur coa intención de prolongar a división de Vietnam e transformar o Sur nunha neocolonia e nunha base militar americana. Desde hai máis de dous anos, con aviación e mariña militar, bombardeou a República Democrática de Vietnam, un país independente e soberano.

O goberno dos Estados Unidos ten feito crimes de guerra, crimes contra da paz e da humanidade. En Vietnam do Sur, medio millón de soldados americanos e satélites teñen recorrido ás armas máis inhumanas e aos métodos de guerra máis bárbaros, coma o naplam, produtos químicos e os gases tóxicos, para matar aos nosos compatriotas, destruír colleitas e arrasar as aldeas. En Vietnam do Norte miles de avións americanos tiraron centos de miles de toneladas de bombas para destruír aldeas, vilas, fábricas, rutas, pontes, diques e mesmo igrexas, pagodes, hospitais e escolas. Na súa mensaxe vostede móstrase aflixido polos sufrimentos e as devastacións causadas en Vietnam. Permítame unha pregunta: quen foi o que fixo eses crimes terribles? Os soldados americanos e satélites. O goberno dos EE.UU. é totalmente responsable da situación terriblemente grave de Vietnam.

A guerra de agresión americana contra o pobo vietnamita é un desafío aos países do campo socialista, unha ameaza para o movemento de independencia dos pobos e un grave perigo para a paz en Ásia e no mundo.

O pobo vietnamita ama profundamente a independencia, a liberdade e a paz. Pero fronte á agresión, ér-guese unido como un só home que non ten medo aos sacrificios nin ás privacións. Está determinado a soste-la a resistencia ata que teña conquistado a independencia e a liberdade reais e unha paz verdadeira. A nosa causa

xusta ten a aprobación e o apoio poderoso dos pobos de todo o mundo e de amplos sectores do pobo americano.

O goberno dos EE.UU. iniciou unha guerra de agresión contra Vietnam. Debe parar esta agresión, é o único camiño que levará ao restablecemento da paz. O goberno dos EE.UU. debe cesar de maneira definitiva e incondicional os bombardeos e todos os outros actos de guerra contra a República Democrática de Vietnam, retirar de Vietnam do Sur todas as tropas americanas e satélites, recoñecer a Fronte Nacional de Liberación de Vietnam do Sur e deixar ao pobo vietnamita que solucione por si mesmo o seu camiño. Este é o contido fundamental da posición de catro puntos do goberno da República Democrática de Vietnam, que é a expresión dos principios e disposicións esenciais dos Acordos de Xenebra de 1954 sobre Vietnam. É a base dunha solución política correcta do problema vietnamita.

Na súa mensaxe vostede suxire conversas directas entre a República Democrática de Vietnam e os E U. Se o goberno dos E U desexa realmente esas conversas, en principio deber cesar de maneira incondicional os bombardeos e todos os outros actos de guerra contra a República Democrática de Vietnam. Só despois do cesamento incondicional dos bombardeos e de todos os demais actos de guerra americanos contra a República Democrática de Vietnam, esta república e os EE.UU. poderán comezar conversas e discutir problemas que interesan ás dúas partes.

O pobo vietnamita non vai ceder nunca diante da forza; non aceptará nunca conversas baixo a ameaza das bombas.

A nosa causa é xusta. Desexamos que o goberno dos EE.UU. traballe segundo a razón.

Saúdos distinguidos,

Ho Chi Minh¹

[1] Obras escogidas:
Ho Chi Minh.
Akal 1976,
Madrid